

PORTADA

HUMOR

CONTRAPORTADA

SOCIEDADE

ECONOMÍA

GALIZA

PENÍNSULA

MUNDO

DEPORTES

CULTURA

1275 |

Cultura



CULTURA

[2008, o ano de Álvarez Blázquez](#)

[Entrevista con Xosé Bocixa](#)



→ VIÑETAS DE HUMOR



- > PEPE CARREIRO
- > GONZALO
- > XOSE LOIS
- > ROI CAGIAO

→ A REDE



Trivial galego

Álvarez Blázquez será homenaxeado no Día das Letras

Poeta, escritor, editor, investigador e erudito de diversas materias, Xosé María Álvarez Blázquez foi finalmente escollido polo pleno da Academia Galega para protagonizar as Letras Galegas de 2008. Na mesma sesión ao hispanista John Rutherford concedéuselle o título de académico de honra.

Autor de tres poemarios en galego, unha pequena obra en prosa e diversos estudos de investigación na nosa lingua, en Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985) reconece a Academia un intenso labor patriótico, “exemplo perfecto do que antes se chamaba, e aínda se chama ás veces, un polígrafo. A historia xeral e local, a arqueoloxía, a literatura, foron só algunhas das erudicións que cultivou”.

Xosé María Álvarez Blázquez pertence a unha saga de escritores que ten os seus antecedentes no seu avó Emilio Álvarez Giménez, seguiu co seu tío Xerardo Álvarez Limeses e compartiu co seu irmán Emilio. Hoxendía os seus fillos Alfonso, Celso e Xosé María Álvarez Cáccamo, manteñen esa mesma filia literaria.

Os tres poemarios publicados en galego polo autor a homenaxear son Poemas de ti e de min, un tributo ao popularismo, o imaxinismo e o neotrobadorismo, corrente na que o situán nos manuais literarios; Roseira do teu mencer, un emocionante canto á súa filla pequena e finalmente Canle segredo, que aínda que se publicou en 1972 foi escrito na década dos 50, época na que Álvarez Blázquez elaborou a súa obra poética galega pensada para agruparse nun libro. O seu fillo Xosé María publicou a obra completa en 1987, en Xerais, dando a coñecer poemas soltos escritos noutros tempos da súa vida.

A biografía de Álvarez Blázquez, militante do galeguismo desde 1934, está marcada polo tráxico fusilamento do seu pai, o doutor Darío Álvarez Limeses en Tui, o 30 de outubro de 1936. Mestre de profesión, foi desterrado a Coreses (Zamora), tendo finalmente que deixar a carreira e regresar a Vigo, a cidade na que desenvolveu grande parte da súa vida, e onde era Cronista Oficial da cidade.

Membro da Academia Galega, preocupado por recuperar textos dos chamados ‘anos escuros’, o seu discurso de ingreso versou sobre esa época co título de Cantares e romances vellos prosificados. Por outra parte é coñecido o papel de Xosé María Álvarez Blázquez como editor. En 1950 fundou, con Luís Viñas Cortegoso, a Editorial Monterrey, que conta co mérito histórico de amparar o nacemento da chamada Nova Narrativa Galega publicando os libros fundacionais de Rodríguez Mourullo. Máis importante foi a segunda xeira, iniciada en 1967, das Edicións Castrelos, obra persoal exclusivamente súa. Ás Edicións Castrelos débese o fenómeno da Colección O Moucho, libros do pobo pra o pobo; pero tamén a popularización da obra de Rosalía



© 2005 Promocións Culturais
Galegas, S.A.

Rúa Príncipe, 22 - Baixo.
36202 Vigo
Apartado 1371
36200 Vigo.


Administración, subscricións
e publicidade: 986 433 830

Redacción: 986 433 886
986 222 405

Fax: 986 223 101

info@anosaterra.com

Website optimizado
para **Internet Explorer 5**
ou superior e unha
resolución de pantalla
de 800 x 600 px

 é un produto
ALFIN SOLUCIONA |

e de Curros, e máis aínda da do propio Pondal, que estaba reducida a moi pequenas minorías e se vendeu por milleiros de exemplares na Colección Pombal. E tampouco non se esquecían os escritores contemporáneos de Celso Emilio Ferreiro a Xosé Neira Vilas, Méndez Ferrín, Xohana Torres ou Manuel María.

O Dr. John Rutherford, que recén recolleu o Premio trasalba foi elixido na mesma sesión da RAG como Académico de Honra. Profesor Titular da Facultade de Español, Fellow do Queen's College e Director do Centre for Galician Studies de Oxford, dentro da Hispanística o labor académico do Dr. Rutherford é recoñecido polos seus traballos sobre a literatura mexicana da época da Revolución; pero tamén polas súas traducións de obras emblemáticas da literatura española, entre elas La Regenta (Penguin Classics 1984), única tradución ao inglés; e Don Quixote (Penguin Classics 2000), que compite coa de Edith Crossman por ser a mellor tradución ao inglés moderno desta complexa novela. O que xustifica o nomeamento como Académico de Honra é a súa vinculación, os seus traballos e as súas actividades referidos a Galicia que continúan labores doutros hispanistas como Aubrey Fitzgerald Bell (1881-1950), autor da Spanish Galicia (1922).



Xosé Bocixa

“O documental sobre As Encrobas
explica un mundo que se perdeu”

Neno da transición, marcado polos enfrontamentos producidos coa implantación das minas de lignito e a masiva mobilización labrega e cidadá de 1976, Xosé Bocixa (As Encrobas, 1967), ven de estrear hai poucas semanas As Encrobas a ceo aberto, a historia documental de cómo un mundo se viña literalmente abaixo a medida que o cráter mineiro ía comendo os lugares e ás xentes. Cantante de Zënzar, pioneiro do rock en galego, Bocixa prepara un proxecto de documental sobre ese movemento e outro para o centenario de A Nosa Terra.

Vostede entra no cinema documental con As Encrobas a ceo aberto?

Xa traballara en medios de comunicación sobre todo na radio e tamén con cámara na TV local de Cerdeda, que foi das primeiras que funcionou en Galiza, e aínda que eran pequenas pezas para un informativo local tamén iniciamos algún gromo, sen case medios, de traballo documental sobre o crego Moncho Valcárcel. Pero As Encrobas a ceo aberto foi a miña estrea, que culminaba unha teima de sempre que era contar todo o que sucedera nas Encrobas rompendo coa idea única de que a resistencia á ocupación de terras en 1977 fora mítica e nada máis houbera, cando é un conflito que chega aos nosos días.

É tamén a visión dun afectado directo, que en 1977 era un rapaz.

Pero cando as máquinas comezaron a traballar xa non tanto, porque eu medrei a medida que se ía afondando e ensanchando o burato da mina, segundo foi pillando as aldeas e acadou a miña.

As Encrobas quedaron nalgunhas memorias, como di, como un conflito da Transición, cando a súa película documenta que se prolonga durante as décadas seguintes.

O meu recordo primeiro é do neno que vía os acontecementos pero non sabía ben de que se trataba. Despois xa coñecín a todas as persoas que viñeron axudar os labregos e a meus avós e meus pais. Tamén vin que era fácil esquecer e apuntarse a outras historias, ao poder. Fun coñecendo a persoas dignas, a Moncho Valcárcel, a Muñiz, a Xácome, a Gino... xente que estivera nas Encrobas. Na miña mocidade interesoame Moncho, e coñecelo marcóume, sobre todo saber o que el fixera na súa vida. Non me interesaba tanto a súa parte relixiosa aínda que a respecto, pero si a súa faceta de solidariedade cos demais. Participei coa irmandade de amigos nas celebracións anuais de lembranza e fun vendo como se instalou o novo poder en Cerceda e se esqueceu o que viña de atrás. Vin como os meus veciños vivían en casas con fendas nas que cabían dúas mans, as casas apuntaladas e tamén vin como ás administracións, co PP sempre na Xunta e o PSOE no concello, nunca lle interesou tomar medidas. Vin como cada quen tivo que buscarse a vida.

Reflectevarias realidades, o fin dun mundo agrario, mesturado cunha loita que sendo en defensa da terra hoxe vémolos tamén cos ollos do ecoloxismo.

A xente dime que quixen facer tres documentais nun só. Quixen contar o que pasou no 1976/1977, explicar de onde viña esa xente que tivo que marchar das Encrobas, como era aquel mundo onde medrei e que hoxe xa non existe. Quixen explicar como o medre da mina foino destruindo todo ao su redor e como Fenosa esperaba que caísen as casas para que a xente fose implorarlle que llas comprara. É curioso porque case non hai denuncias da xente que vivía alí nos 80/90 e a situación era de caos. E finalmente quixen contar como foi a transformación de Cerceda en todo ese tempo, coa implantación dunha industria que de novo controla Fenosa e como o poder político local utilizou eses postos de traballo que se crearon, porque todos pasan pola alcaldía, para consolidar a súa situación. Metelo todo xunto nun mesmo documental foi